



**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: CONTRATACIÓN CAPATAZ FORESTAL (APROL RURAL ), ANUALIDADE 2021**

**EXPEDIENTE: 2021/G003/000643**

**ANTECEDENTES:**

O 08.07.2021 a providencia de alcaldía dispón proceder a contratación temporal por un período de 9 meses de un capataz forestal para o servizo de "Xestión da biomasa nas faixas secundarias no concello de Coristanco", xa que o Concello ten concedida unha subvención ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73, do 20 de abril), Resolución da concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), de data 30.06.2021 e expediente: TR351G 2021/000071-1.

O 08.07.2021, intervención realiza a retención de crédito necesaria para realizar dita contratación.

O 12.07.2021 realízase a proposta por parte da alcaldía das bases para a contratación temporal de un capataz forestal para o servizo de "Xestión da biomasa nas faixas secundarias no concello de Coristanco".

O 12.07.2021 a secretaria municipal emite informe sobre as bases propostas.

**RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Aprobar as seguintes Bases de selección:

**"BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUN CAPATAZ FORESTAL NO CONCELLO DE CORISTANCO.**

**1. Obxecto**

O obxecto desta convocatoria é a selección de un capataz forestal para o servizo de "Xestión da biomasa nas faixas secundarias no concello de Coristanco", ao abeiro da Orde de 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede as úa convocatoria para o exercicio 2021 (DGO n.º 73 de 20/04/2021)

**2.- Urgencia da contratación**

A urgencia desta contratación é debido a necesidade de tramitar expedientes de cumprimento de obrigacións de xestión da biomasa e control sobre a execución dada responsabilidade subsidiaria do Concello de acordo coa Lei de incendios, así como cumprir os prazos de contratación impostos na resolución da Orde de 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede as úa convocatoria para o exercicio 2021 (DGO n.º 73 de 20/04/2021).

**3. Características dos postos**



Causas: A modalidade contractual será a de Obra/Servizo de interese social a tempo completo sendo o obxecto a “Xestión da biomasa nas faixas secundarias no concello de Coristanco”

Área de Adscripción: Concellaría de medio ambiente.

Denominación: Capataz

Titulación: *Enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico/a forestal, grado en ciencias ambientais, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico superior en xestión forestal e do medio natural, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, técnico en aproveitamento e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.*

Contido funcional: *As tarefas propias do posto de capataz dentro das seguintes funcións:*

Xestión da biomasa nas faixas secundarias

Supervisión do cumprimento dos propietarios das faixas secundarias.

Expedientes de notificación e sancionadores na xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Realización de plans de limpeza das faixas secundarias das fincas propiedade municipal.

Tratamentos silvícolas

Prevención de incendios: ordenación do combustible vexetal, mantemento de faixas de seguridade

Plans de limpeza e reparación de pistas e camiños

Plans de loita conta a erosión: colocación de gavións

Plans de mantemento de sendas e camiños

Traballos de sinalización: colocación de sinais e carteis.

Xornada de traballo: Completa

#### **4. Requisitos dos aspirantes.**

Para poder tomar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos que a continuación se indican, referidos/as a todos e cada un deles á data do remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

Ter cumpridos os 16 anos de idade.

*Enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico/a forestal, grado en ciencias ambientais, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico superior en xestión forestal e do medio natural, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, técnico en aproveitamento e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente* ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.



Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

Estar en posesión do permiso de conducir B

Coñecemento do idioma galego: CELGA 4.

**Ser desempregado/a candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina do SPE de Carballo. En todo caso, deberán de cumprirse os requisitos esixidos no artigo 14 da Orde de 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).**

Non ter sido contratados como traballadores/as desempregados/as por un período igual ou superior a nove meses con cargo a axudas en materia de emprego concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (salvo en concellos de menos de 2000 habitantes).

## 5. **Presentación de solicitudes**

Tendo en conta que as presentes Bases se establecen ao abeiro da subvención outorgada a este Concello ao amparo da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), na que se esixe que a oferta de emprego se realice a través da oficina pública de emprego, a constatación do cumprimento dos requisitos c) e d) será realizada pola oficina pública de emprego.

Presentación. Os/As interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as solicitudes á Sra. Alcadesa do Concello de Coristanco no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases. Este modelo poderá descargarse gratuitamente da páxina web municipal ([www.coristanco.gal](http://www.coristanco.gal)). O acceso a toda a documentación referente ao presente proceso selectivo realizarase a través da páxina web municipal <https://sede.coristanco.gal/opencms/es/informacion/>. Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria, bases e anexo será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da páxina web municipal [www.coristanco.gal](http://www.coristanco.gal), co seguinte percorrido: <https://sede.coristanco.gal/opencms/es/informacion/>.

Prazo de presentación no Concello dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia. Dende o día 13 de xullo de 2021 ata o día 14 de xullo de 2021 as 14:00 horas.

Lugar de presentación. A presentación de solicitudes farase telematicamente ou no Rexistro Xeral do Concello de Coristanco en horario presencial de nove a catorce horas de luns a venres, ou mediante rexistro telemático as 24 horas. As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases, polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

## 6. **Documentación a presentar coa solicitude para a participación no proceso**



**selectivo.**

Coa solicitude os/as aspirantes presentarán os seguintes documentos:

**a) Copia do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.** Ademais, os/as aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola mesma e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

**b) Copia compulsada do permiso de conducir B.**

**c) Posuír a titulación académica esixida nas Bases Específicas.** Se a titulación é obtida no estranxeiro, deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

**d) Informe ou certificado do servizo galego de emprego** no que se acredite a situación de desempregado e dende que data sen interrupción se atopa nesta situación.

**e) Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de poseer o nivel de galego esixido** nas bases específicas de cada unha das prazas/empregos que se convoquen ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.

## **7. Admisión dos aspirantes**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase unha relación provisional de aspirantes para o posto, especificando o cumprimento dos requisitos nas bases cuarta e sexta.

As/os aspirantes terán un prazo non inferior a 2 días laboráis para a subsanación de deficiencias e /ou reclamacións dende a publicación no taboleiro de anuncios.

Nun prazo no superior a 3 días laboráis dende a terminación do prazo anterior ou, no caso de que non exista necesidade de subsanación nin de reclamación, dende a publicación da relación de aspirantes publicarase a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as nas probas selectivas que será publicada no taboleiro de anuncios do concello da Sede Electrónica.

Na mesma resolución emprazarase ás/os aspirantes admitidas/os para a realización das probas.

## **8. Sistema selectivo**

*A selección consistirá nunha oposición.*

**1.- Oposición:** De carácter obrigatorio e eliminatorio. **A puntuación máxima que se pode obter neste apartado son 10 puntos.**

Resolución por escrito dun cuestionario de 20 preguntas modelo verdadeiro/falso relacionado co contido funcional dos postos e co temario que se reflicte no anexo I desta bases para o posto que se oferta.

O cuestionario deberá resolverse en 60 minutos que é a duración do exercicio. O exercicio será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo. Este cuestionario



qualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo. Cada resposta correcta puntúa 0,5 puntos.

## 2.- Proba de coñecemento da lingua galega

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecemento en lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

A proba de galego consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego, os aspirantes disporán dun máximo de quince minutos para realizar esta proba.

A proba puntuarase como apto ou non apto. A Cualificación na proba como non apto supón a exclusión do candidato/a do procedemento de selección.

Quedarán exentos desta proba aquelas persoas que acrediten coa presentación da instancia, esta en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

## 9. Tribunal cualificador.

*O tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 59 da Lei do Emprego Público de Galicia), estará conformado polos seguintes integrantes (dos que se deberá nomear, en todo caso, titulares e suplentes):*

- Presidente
- 2 Vogais.
- Secretario/a

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas (recabando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de



asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ou substitutiva).

En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

### **10. Proposta do Tribunal**

Tras a fase de concurso e a de oposición, o Tribunal fará pública a puntuación obtida polos/as candidatos/ as mediante anuncio na sede electrónica e na páxina web do Concello de Coristanco.

Finalizado o proceso selectivo o Tribunal fará pública a puntuación total dos/as candidatos/as propoñendo a contratación dos aspirantes que houberan obtido maior puntuación para cada un dos postos, peón forestal e capataz forestal, e propoñen a creación dunha bolsa de traballo para posibles substitucións do persoal titular e que terá a mesma vixencia que a obra ou servizo obxecto deste proceso selectivo.

### **11. Contratación.**

A Alcaldía resolverá a contratación dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal e a creación da bolsa de traballo para posibles substitucións do persoal titular e sempre dentro desta obra ou servizo.

### **12. Incidencias.**

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso en todo o non previsto nas bases.

### **13. Publicidade do proceso selectivo.**

*Poderase obter información en relación con estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e das actuacións do Tribunal, no servizo de Secretaría do Concello de Coristanco.*

## **ANEXO I**

### Temario

- 1.- Concello de Coristanco: características do medio físico.
- 2.- Concello de Coristanco: integración administrativa supramunicipal.
- 3.- Concello de Coristanco: división territorial inframunicipal.
- 4.- Concello de Coristanco: vías de comunicación.
- 5.- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Texto consolidado a data actual.
- 6.- Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- 7.- Labores de xestión de biomasa nas faixas de protección fronte lumes forestais
- 8.- Prevención de incendios faixas secundarias.
- 9.- Seguridade e saúde nos diferentes tipos de traballos forestais.
- 10.- Equipo e maquinaria de traballo forestal: descrición e mantemento.



- 11.- Especies invasoras mais comúns en Galicia.
- 12.- Tratamentos silvícolas: desbroce manual selectivo, clareos, podas. Emprego de ferramenta.
- 13.- Xeolocalización mediante XPS.

## ANEXO II.- SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN DUN CAPATAZ FORESTAL

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_  
con nº de teléfono \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_,

**EXPÓN:** Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo dun **CAPATAZ FORESTAL** para o servizo Xestión da biomasa nas faixas secundarias no concello de Coristanco conforme á Resolución de concesión da Subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), para o servizo de Xestión da biomasa nas faixas secundarias no concello de Coristanco, da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 23 de abril de 2019 Para tal efecto **FAI CONSTAR:**

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
- 2º.- Que non está separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin está incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. Que, no caso de ser nacional doutro Estado, non está inhabilitado/a ou en situación equivalente nin está sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 3º.- Que non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- 4º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 5º.- Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 6º.- Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación.



CONCELLO DE  
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña  
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal  
R. E. L. nº 01150294

exp. 2021/G003/000643

Por todo isto **SOLICITO** tomar parte neste proceso de selección acompañando a presente solicitude orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.
  - b) Título de Enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico/a forestal, grado en ciencias ambientais, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico superior en xestión forestal e do medio natural, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, técnico en aproveitamento e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.
  - c) Permiso de conducir de clase B.
  - d) Certificado de CELGA 4
  - e) Informe ou certificado do servizo galego de emprego.
- Outra documentación:

-  
-  
-  
-  
-

En Coristanco, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

### **ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE CORISTANCO (A CORUÑA)”**

SEGUNDO.- Publicar o anuncio de aprobación das presentes bases web do Concello de Coristanco e na sede electrónica (<https://sede.coristanco.gal/opencms/gl/informacion/tablon>).

O prazo de presentación de instancia computa dende o día seguinte á publicación do anuncio na sede electrónica do concello (<https://sede.coristanco.gal/opencms/gl/informacion/tablon>).

*Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.*